



**Resolución do 8 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior pola que acorda manter a operatividade dos formularios normalizados correspondentes ás axudas convocadas pola Orde do 20 de febreiro de 2020 (*DOG* núm. 43 do 4 de marzo) que establecía as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, (código de procedemento PR 460A).**

A Orde do 20 de febreiro de 2020 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil (AVPC) de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos (código de procedemento PR460A) establecía no artigo 5.2 que o prazo de presentación de solicitudes sería de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, rematando este o 6 de abril.

De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, procedeuse á suspensión de todos os procedementos, interrompendose os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Reanudaranse estes no momento no que perda vixencia o citado Real Decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Así mesmo, no apartado 3 da citada disposición adicional establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade.

As axudas convocadas pola Orde do 20 de febreiro de 2020 (*DOG* núm. 43 do 4 de marzo), teñen como fin a colaboración económica coas AVPC nos gastos de natureza corrente para posibilitar o seu funcionamento dentro dos respectivos concellos e a colaboración nos plans e programas de protección civil da Xunta de Galicia.

Polo que se antecede,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir os modelos de solicitude correspondentes ao procedemento PR460A, axudas para agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos, permitindo que os interesados, que así o desexen, poidan seguir presentando as súas solicitudes ata o final do estado de alarma, sen que isto supoña a continuación do procedemento.



Segundo.- De acordo co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, o cómputo dos prazos deste procedemento reanudarase no momento en que este ou, no seu caso, as súas prórrogas perdan vixencia.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral de Emerxencias e Interior

